

Decembro

Carta 5

Percebeira

O mar bate nas rochas tan forte que mete medo...

Os barcos piratas axudan aos pescadores a regresar ao porto.

E preto do faro, as sereas percebeiras loitan contra as ondas e o vento, tentando mariscar.

Pilocha da Rocha, leva moitos anos indo ao percebe, para logo vendelo na feira ou ás peixeiras.

Din que ten case cen anos, pois está chea de engurras na cara e nas mans.

A súa pel é escura, e os seus ollos moi pequenos, pero as súas pernas e brazos seguen fortes para aferrarse as rochas e arrancar os percebes.

Ás veces tamén marisca mexillóns,minchas, e ata lapas.

Pronto chega o Nadal, e neste mes pódese ir coller percebe á Rocha das sereas.

En Noiteboa, Nadal ou Fin de ano é parte do menú nalgunhas casas.

Vai moi caro, pois non hai moito, e para collelo hai que ir ás zonas máis perigosas das rochas, alí onde bate o mar máis forte.

Esta mañá Pilocha non pode máis, está cansa e ten frío, así que decide deixalo por hoxe e levar ata a lonxa os poucos percebes que colleu.

Baixa da rocha, súbese na súa lanchiña e comeza a remar cara á costa...ata que nota que algo está a golpear a embarcación...

Un enorme tiburón vai tras ela...ten unha mancha branca na súa aleta dorsal...non hai dúbida,é " A Quenlla do Norte" , así que non hai perigo, este tiburón só aparece no Nadal, e nos días de oleaxe ou tormenta, para guiar e protexer aos barcos grandes e pequenos ata chegar á terra.

Xa no peirao, Pilocha da Rocha " A percebeira ", senta un anaco mirando ao mar, mentres fai números para, co que gañe vendendo os percebes , mercar coliflor e bacallau para a cea de Noiteboa,empanada de zorza e un bo polo para Nadal, queixo e marmelo para o postre,leite e ovos para facer torradas de pan reseso para o almorzo,uvras para Fin de ano, unhas zapatillas ben quentiñas para os seus netos e un pixama de botóns para o avó.

Son os soños dunha percebeira...

E tí? Que soños tes neste Nadal?

Eu son Mary Kay..a vendedora de soños, e este Nadal levarei os soños de Pilocha da Rocha, " A percebeira" , á túa vila.

Deixarei pistas nos escaparates dalgunhas tendas.

Cando as atopes non esquezas facerte unha foto co soño e se podes,coa túa familia!!!.

Bo Nada!

E non deixes de soñar!

.....**Actividades suxeridas...**

1.Cales son os vosos soños ou desexos para este nadal?

2.Búsqueda dos soños polas rúas...:

Atopar os sonos da percebeira:

.percebes

.bacallau

.coliflor
.leite
.ovos
.empanada
.pan
.zorza
.polo
.Queixo
.marmelo
.uvas
.zapatillas
.pixama.

Entregaremos cartilla con ficha de cada alimento para anotar o tipo de tenda (super, posto do feiron, froitería,...), nome da mesma, nome da vendedora ou vendedor, e dirección.

Busca nas tendas da rúa, nos supermercados , no feirón...

3. Seguemos a traballar o **P, Percebeira, Pilocho,peirao,pirata.**

4.Debuxa a Quenlla do Norte

5.Ficha da muller:

-Pilocho da rocha , a percebeira

6.Completar a licenza de feirante cos adhesivos.

Cancións:

<https://youtu.be/gg7odj4FpVE>

No dejes de soñar♥

<https://youtu.be/PWQwmtn4PUo>

Lúa (soñar con querer a lúa, a familia)